



**Area Central**  
CENTRO COMERCIAL

## DINÁMICA DA PROMOCIÓN "MERECE UN PREMIO! DÍA DA NAI" EN ÁREA CENTRAL

A Comunidade de Propietarios do Centro Comercial Área Central (en adiante, "Área Central"), con enderezo en Edificio Area Central, soto -1, L-A-4 15707 e con C.I.F. H-15431273 decide levar a cabo unha actividade de promoción dirixida aos seus **clientes**, formada por un panel no que os clientes poden optar a diferentes premios.

### ¿COMO PODO PARTICIPAR?

Poderán participar os clientes que realicen un **gasto igual ou superior a 20€** en calquera dos establecementos comerciais de Área Central os días xoves 4, venres 5 e sábado 6 de maio de 2023. Para iso, terán que achegarse ao panel de premios ubicado na esquina azul e demostrar unha compra superior a **20 euros** nos establecementos comerciais de **Área Central**, resultado dun único ticket ou de xuntar varios equivalente a unha ou varias compras realizadas eses mesmos días. Un ticket superior a 20 euros (independentemente do seu valor) equivale a poder elixir unha bolsa do panel de premios. Poderá escoller tantas bolsas como tickets superiores a 20 euros deses tres días presente. O panel de premios estará operativo os tres días de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h.

### ¿QUE PODO GAÑAR?

As persoas escollerán unha bolsa. Cada bolsa premiada terá escrito dentro se ten ou non ten premio e que premio é. Todas as persoas por participar recibirán un pequeno detalle xentileza de Área Central (ata esgotar existencias).

- Os premios aos que optan son:
- 30 vales de 10 euros para gastar nos establecementos de moda de muller de Área Central. (Data de caducidade no vale). Os establecementos adheridos son Woman, Fifty Outlet, La Caja de Pandora, La Morena, Outlet Vintage, Fashion Lore'n, Yanet Style, Veguay, Purificación García Outlet, Atmósfera Sport, Itajai, Seijas Outlet, Lencería María García e Mercería Carmen.
  - 3 vales de 10 euros para gastar no hipermercado Alcampo. (Data de caducidade no vale)
  - 30 bonos de +30 minutos en Nova Jump (calcetíns non incluídos).
  - 300 flores.
  - 50 lotes con produtos de Muy Mucho.
  - 20 lotes con produtos de Garrote.
  - 4 agasallos de Bottega Verde.

En ningún caso, os gañadores poderán ser traballadores dos establecementos do centro comercial. Non poderán cambiar nin esixir cambiar ningunha das características do seu premio. De igual xeito, o premio non poderá ser trocado polo seu valor en metálico nin por ningún equivalente en produtos e servizos.

### MÁIS ASPECTOS A TER EN CONTA

O mero feito de participar nesta promoción implica a aceptación desta dinámica sen reserva de ningún tipo. **Área Central** resérvase o dereito de efectuar calquera cambio e de suspender ou ampliar esta promoción.

Exímese a Área Central de calquera responsabilidade ou incidencia que poda evitar que o gañador desfrute do premio unha vez sexa entregado o mesmo. Así mesmo, exímese a Área Central de calquera responsabilidade ou incidencia que se poida producir durante o desfrute do premio.

### ¿ONDE PODO COÑECER A DINÁMICA DESTA PROMOCIÓN?

Esta promoción comunicarase a través das redes sociais e da web de **Área Central**, e a través de calquera outro medio divulgativo que Área Central considere de interese para a comunicación da promoción.

A dinámica desta promoción estará a disposición de calquera persoa que desexe consultala na web de **Área Central**.